

Boqueixón



Decembro 2014

Revista Informativa do Concello

Nº 32

IMPRESO SIN DIRECCIÓN

ESPAÑA	FRANQUEO PAGADO
	Aut. nº 150493

**“Romaría tradicional BoqueiSons”
Área Recreativa de Sucira**

Editorial	2
Plan Xeral	3
Entrega de terreos da parcelaria A Granxa - Boqueixón	3
Plan POS e o Plan PEIN 2014-2015	4
Rematado o saneamento no lugar do Gafo (Codeso)	4
Villalapaz e A Corna con senda peonil para a seguridade vial	4
Finalizadas as obras da depuradora en Loureda	5
Lamas inaugura o seu local social EMPRÉGAT 2.0	5
Programa MABEL	6
Finaliza o obradoiro de emprego Vedra - Boqueixón	6
Roteiro dos Pescadores	6
Proxecto de promoción turística "Área de Santiago"	7
Goza do Ulla	7
III Ruta de Tapas de Boqueixón	8
Concurso Morfolóxico Cabalar	8
DRAGAL	9
Lestedo contou cun ilustre pregoeiro	9
Bolsas Fundación Pedro Pérez Pérez	9
Alumnos/as do CPI participan en obradoiros de habilidades sociais	10
Un centenar de nenos e adultos participaron nos cursos de inglés	10
III Xornada Micolóxica	11
BoqueiSons	11
Tarxeta de transporte metropolitano	11
Orla escola infantil municipal	12
O DVD incorpórase a biblioteca	14
I Certame de relatos "Xosé Neira Vilas"	14
II concurso de fotografía "Paisaxes de Boqueixón"	14
Boqueixón e Vedra asinan un convenio de colaboración	15
Campo de traballo "Dragal"	16
O alcalde participa nunha visita de estudo a Italia	16
Boqueixón co deporte activo	17
Recepción o deportista máis laureado	18
Belén do Campo, e Susana López Abella visitan o CIM	18
Prevención da Dependencia	19
Aplicación City4	20
Medalla de ouro a Orlando Vázquez	20
Xosé Neira Vilas, Fillo Adoptivo do Concello de Boqueixón	21
Rider para o mantemento das zonas verdes	21
Tanatorio municipal	21
CPI Antonio Orza Couto	22
C.R.A. Boqueixón - Vedra	22
A escola infantil estrea nome	23



Estimados veciños e veciñas:

Un ano máis, comprácame dirixirme a todos vós, nestas datas tan sinaladas, para facer xuntos un percorrido por todo o acontecido en Boqueixón en materia municipal.

Xa pasaron catro anos dende que en Boqueixón se empezou a oír falar do Plan Xeral. Catro anos, nos que pasou de mans de uns a outros, sen obter ningún tipo de resposta. Pero por fin, neste ano 2014, despois de moito esforzo, e loitando dende o primeiro día que asumín o cargo como alcalde deste concello, conseguimos que Patrimonio dea luz verde ao proxecto. Actualmente este documento atópase na Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta á espera da aprobación definitiva. Será a primeiros do ano novo cando poidamos ver sobre o papel o informe definitivo.

As propostas e inqedanzas veciñais, seguen e seguirán a ser primordiais nas nosas actuacións, xa que vos sodes os actores principais e os que lle dades protagonismo a este concello.

Nesta liña, cabe sinalar, que rematamos o local social de Lamas, non sen moito esforzo e asumindo os custos da obra dende o concello. Este local pasa a formar o número once da rede de locais sociais do concello de Boqueixón.

En materia de cidadanía, compre destacar a posta en funcionamento da aplicación para móbiles City4boqueixon, ferramenta moi útil para a notificación de incidencias por parte do cidadán ao concello.

Pero claro está, nunca o feito é suficiente. A memoria dun pobo non se para nunca e por iso seguiremos traballando con honestidade, ata a saciedade, en novas e vellas reivindicacións dos veciños e veciñas, que intentaremos que nun futuro inmediato se fagan realidade. Continuaremos poñendo a nosa máxima atención en proxectos que produzan emprego, sobre todo en aqueles sectores da poboación con maiores taxas de desemprego.

Nestes intres, nos que o mundo enteiro está a pasar por unha difícil situación, quero máis que nunca, transmitirvos unha mensaxe de alento e esperanza, dende a absoluta convicción de que Boqueixón proseguirá o camiño que emprendemos fai uns anos, e que nos situou á cabeza dos municipios desta comarca.

Aproveito tamén estas liñas, para desexarvos que o esforzo e a perseveranza, a medida e a confianza, sexan unha constante nas vosas vidas para que o éxito vos acompañe neste próximo ano 2015.

Bo Nadal e Próspero Ano Novo

Jesús Sanjuás Mera
Alcalde de Boqueixón

Patrimonio e Medio Ambiente dan luz verde ao Plan Xeral de Boqueixón

A Consellería de Medio Ambiente enviou no mes de maio o informe favorable á avaliación ambiental estratéxica ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Boqueixón. Con este novo paso, o documento urbanístico do concello encara a recta final na súa tramitación cara a entrada en vigor das normas de ordenación do chan.

A prol disto, a Dirección Xeral de Patrimonio, foi o organismo que máis trabas puxo na execución dos trámites de aprobación, xa que houbo que demostrar, a través de prospeccións arqueolóxicas, asumidas por parte do concello, que non existían restos antigos das Torres de Lestedo, declaradas Ben de Interese Cultural. Ademais disto, tamén esixiron ao concello a catalogación da totalidade dos hórreos existentes no municipio.

A día de hoxe, o Plan Xeral de Ordenación Municipal, atópase na Dirección Xeral de Urbanismo, pendente de aprobación definitiva, que se espera para primeiros do ano novo.

O PXOM regula a utilización do chan nos 72 quilómetros cadrados de superficie cos que conta o concello.

O deseño urbanístico para Boqueixón baséase na construción de vivendas unifamiliares de pranta

baixa, fuxindo das grandes urbanizacións e respetando a distribución e estrutura actual do concello en parroquias e aldeas. O Plan concentra o crecemento do parque de vivendas en Lestedo e O Forte.

1.112 inmuebles	117 entidades
Este cálculo establécese para un período de vinte anos.	Agrupados en catorce parroquias. Lestedo é o principal núcleo urbano



Entrega de terreos da parcelaria A Granxa - Boqueixón

Tras máis dunha década cos procesos de parcelación, cerca de 150 veciños e veciñas das parroquias de Boqueixón e a Granxa, recibiron os terreos da concentración parcelaria desenvolvida en ambos lugares.

Tras o reparto dos lotes parcelados, son máis de 20 quilómetros de pistas abertas as que dan acceso a vehículos aos terreos dos propietarios.

Na actualidade, Oural, Ledesma, Sucira, Sergude, Vigo, Lamas e Loureda, son as parroquias que faltan por completar a concentración parcelaria.

Inversión de 238.357,01€

O Plan POS e o Plan PEIN 2014 – 2015, serán destinados á mellora de pistas e camiños municipais

O Concello de Boqueixón, executará en 2015, as obras de mellora de pistas, rúas e camiños programados nos Plans POS e PEIN, financiados polo propio concello, a Deputación da Coruña e o Estado cun presuposto de algo máis de 200.000€.

As actuacións previstas nestes plans son as seguintes:

Plan	Obra
PEIN	Camiño de Castro de Abaixo a Frenza (Oural)
	Camiño de talleres González a campo da festa (Oural)
	Camiño do tanatorio cara Frenza
	Camiño capela de Pousada a Pedrouzo
	Camiño de C. Outeiro – Regato – R. Raxeira
	Camiño de AC-960 a talleres Fonte Santa
	Camiño de talleres Fonte Santa a casa María Caneda
	Camiño da xeral Deseiro de Arriba a fábrica de Bouzas (Susana)
	Camiño de Ardilleiro Grande a Ardilleiro Pequeno
	Camiño casas da Pena - Agra
POS	Camiño igrexa de Lestedo a Centro de Interpretación
	Camiño Castro de Abaixo a Noente (Ledesma)
	Camiño de Papete a fábrica Santos
	Camiño de Deseiro de Abaixo a Rubial (Lestedo)
	Camiño de AC-960 a Senande
Afirmado sobreanchos camiño de Loureda a límite Concello de Santiago	



Rematado o saneamento no lugar do Gafo (Codeso)

As obras para a construción do saneamento no lugar do Gafo na parroquia de Codeso contaron cunha inversión de 31.786,52€, procedentes da Deputación da Coruña e dos fondos do Concello de Boqueixón.

A execución do saneamento integral de Codeso contou con tres fase de execución: a primeira no lugar de Ardesende, a segunda nos lugares de Engas, Casaldesuso e Santaia, e a terceira no lugar do Gafo.

Tras a execución desta última obra, os veciños e veciñas de Codeso contan ao 100% cos suministros de auga e saneamento.



Villalapaz e A Corna contan con senda peonil para a seguridade vial

Os lugares de Villalapaz na parroquia de Oural e A Corna na parroquia de Pousada, contan con beirarrúas transitables para os peóns.

Estas obras foron incluídas no Plan POS 2013 – 2014, e contaron cunha inversión de 104.824,10€.



Finalizadas as obras de construción dunha depuradora en Loureda

Tras unha inversión de aproximadamente 90.000€ subvencionados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o Concello de Boqueixón, da por rematada a construción da depuradora de Loureda.

Esta depuradora caracterízase por ser a primeira do concello e a segunda de Galicia que conta con humedais artificiais como sistema de depuración de augas residuais. Nestes humedais, prodúcese de forma controlada, mecanismos



de eliminación de contaminantes presentes neste tipo de augas, acadando así que o vertido ao regato sexa de auga totalmente limpa.

A parroquia de Lamas inaugura o seu local social

O novo local social da parroquia de Lamas dispón de 225 metros cadrados distribuídos nunha única pranta. Conta cun salón de usos múltiples cunha superficie de 170 metros cadrados, un espazo destinado a cociña (aínda sen habilitar) cunha superficie de 4 metros cadrados, conta tamén con case 50 metros cadrados habilitados para almacén e con dous baños adaptados ao uso de persoas minusválidas.

A eliminación de barreiras arquitectónicas tamén se tivo en conta á hora de levar a cabo a obra, para así dar accesibilidade a todos os veciños e veciñas con mobilidade reducida.

A execución desta obra responde a unha demanda veciñal. Foi executada integramente con persoal e fondos propios do concello o que supuxo unha inversión de 85.000€.



O programa iniciouse o 1 de outubro e remata o 31 de xullo de 2015

EMPRÉGAT 2.0

Os Concellos de O Pino, Frades, Vedra e Boqueixón iniciaron de forma agrupada un programa integrado para o emprego que subvenciona a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, e do que se están a beneficiar 60 persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Trátase dunha medida activa de emprego dirixida a mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral das persoas traballadoras en situación de desemprego mediante a posta en marcha de accións de diversa natureza tales como información, orientación e asesoramento, formación, intermediación laboral, prácticas e inserción, organizadas en itinerarios individuais e grupais, e distribuídas en accións formativas transversais e especializadas. Tamén, se ofrecen competencias útiles como é a elaboración do currículo, alfabetización informática, redes sociais, etc.

O programa conta coa creación dunha plataforma virtual, que facilita a interacción dos participantes, empresas e formadores, e da a posibilidade de compartir información dun xeito próximo e inmediato.

Os participantes forman parte dalgún destes colectivos: persoas con discapacidade, mulleres, menores de 30 anos, persoas desempregadas sen cualificación, desempregados de longa duración, e persoas que perciben algún tipo de prestación ou subsidio por desemprego.



Programa MABEL: Métodos Activos de Búsqueda de Empleo Local e traballo por conta allea

Con data do 24 de outubro celebrouse unha xornada de introdución aos “Métodos activos de búsqueda de emprego” en resposta ás necesidades dos usuarios e á situación actual do mercado laboral.

Entre os temas tratados no programa da xornada, cabe mencionar a localización de bases de datos de empresas, a elaboración dunha carta de presentación: tipoloxía, estrutura e contido, a elaboración do currículum vitae, os buscadores de emprego a través

de Internet e a preparación dunha entrevista de traballo.

A xornada pechouse de forma satisfactoria, con éxito de asistentes, e foi organizada conxuntamente entre os concellos de Vedra, Boqueixón e a Deputación da Coruña.

En colaboración con outras institucións ofertouse formación vinculada aos sectores gandeiro, agrícola e forestal

Coa finalidade de que os profesionais dos sectores gandeiro, agrícola e forestal continúen formándose para o correcto desempeño das súas profesións, o Concello de Boqueixón, en colaboración con outros organismos levou a cabo durante este ano, unha serie de accións formativas que xiraban en torno a temáticas como primeiros auxilios, prevención de riscos laborais nas explotacións de gando vacún e os problemas da mala xestión dos xurros e outros contaminantes.

Finaliza o obradoiro de emprego Vedra - Boqueixón

Os vinte alumnos que se beneficiaron deste obradoiro de emprego compartido entre Vedra e Boqueixón remataron a súa formación nos oficios de albanería e carpintería no mes de abril.

Este taller foi o terceiro que ambos concellos organizaron de forma conxunta, o que permitiu aos alumnos – traballadores obter o certificado de profesionalidade nas especialidades de Traballos de carpintería e moble e Fábricas de albanería.

Dentro das actuacións levadas a cabo neste obradoiro, no concello boqueixonés, executouse a primeira fase do acondicionamento das instalacións socioculturais municipais, e no concello vedrés, levouse a cabo a rehabilitación dunha edificación na estación de ferrocarril de Santa Cruz de Rivadulla.



Proxecto de conservación do Roteiro dos Pescadores

Boqueixón está incluído no sistema fluvial Ulla – Deza da Rede Natura 2000

O Concello de Boqueixón, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, levou a cabo un proxecto de conservación medioambiental da Ruta dos Pescadores (Sucira- Ponte Ledesma) que comezou no 2012 e rematou no presente ano 2014.

A zona onde se levaron a cabo os traballos, caracterízase por ser de especial protección dos valores naturais. Trátase dun circuito característico de pescadores e sendeiristas con panorámicas de gran beleza, vexetación autóctona e referentes arquitectónicos/culturais importantes como é a Ponte Románica de Ledesma, igrexas e varios muíños de auga.

As actuacións estiveron dirixidas a preservar o ecosistema de alto valor natural, manter un estado de conservación favorable e, ao mesmo tempo, garantir a compatibilidade cos usos deste espazo potenciando aquelas actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e o desenvolvemento do territorio rural galego.



Dezaseis concellos do sur da provincia de A Coruña e o norte da de Pontevedra están a participar nesta iniciativa

Proxecto de promoción turística “Área de Santiago”

Boqueixón, xunto cos concellos de A Estrada, Arzúa, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces, está a participar no proxecto de promoción turística conxunto denominado “Área de Santiago”.

Estes concellos, comparten un fin común que é o desenvolvemento económico a través da dinamización do sector turístico. O obxectivo desta promoción conxunta da “Área de Santiago” é incrementar a difusión e promoción turística existente actualmente.



O patrimonio cultural, etnográfico, relixioso, gastronómico e natural son os principais elemen-

tos de atractivo dos municipios da zona, que contan coa suficiente profundidade e calidade para constituírse nun “multidestino” que supoña un novo reclamo de atracción turística.

Entre todos os concellos, cómase unha oferta turística que se complementa e reforza mutuamente, ofrecendo recursos e atractivos ao longo de todo o ano.

Deste traballo conxunto, xurdiron accións coma a elaboración dun mapa turístico da zona, unha web dos 16 concellos (www.area-desantiago.es) onde poder expoñer os contidos de importancia turística referentes aos distintos concellos, unha campaña promocional no verán de 2013, a presentación do grupo en FITUR deste ano ou a organización dun concurso fotográfico este verán.

Boqueixón presente na 37ª Feira Internacional Semana Verde de Galicia

Dentro das actividades de promoción do territorio, o concello de Boqueixón, formou parte

da maior feira de mostras e ocio do noroeste peninsular, celebrada en Silleda entre os días 12 e 15 de xuño, o que se traduciu nunha aposta segura e nun intenso contacto comercial cun público moi numeroso.

Unha carpa promocional do concello, deu a coñecer a todos os visitantes os produtos que elaboran as distintas empresas do municipio. Desta forma puideron degustar as filloas da afamada máquina de filloas de Lestedo, pastas elaboradas pola panadería Fachal de Sergude e queixo da queixaría Bo-queixo de Orto. Tamén o stand deu cabida a unha mostra de traxes tradicionais galegos da estilista Carmen Pichel de Lestedo.



Esta iniciativa naceu o pasado 2010 da unión dos municipios de Arzúa, Boqueixón, Santiso, Touro e Vedra

Goza do Ulla

Na actualidade son 19 concellos os que forman parte do proxecto Goza do Ulla, co fin común de promocionar as rutas de sendeirismo existentes na zona. Estes concellos caracterízanse por estar bañados polo río Ulla, de aí o nome do proxecto.

Nesta edición, o Concello de Boqueixón, organizou no mes de xuño unha actividade de sendeirismo que enlazou o Roteiro do Río Grande que da comezo na capela de San Paio en Codeso, co Roteiro dos Pescadores que remata en Ponte Lesdema.

Un total de 36 persoas percorreron os 9.600 m. de sendas que forman o roteiro, apreciando ao seu paso paisaxes de gran beleza natural e conxuntos etnográficos de interese como pontes, muíños e igrexas.



Dez céntimos de cada tapa vendida foron destinados á cociña económica

Un ano máis, os hostaleiros celebraron a III Ruta de Tapas de Boqueixón

Trece locais do sector da hostalería de Boqueixón, Café- Bar O Rincón de Tania, Café Bar O Nervioso, Restaurante O Balado, Taberna O ´Cruceiro, Café Bar Latino, Café Bar A Barreira, Taberna Záramo, Casa de Xantar Casa Castro, Café Bar A Casa d´ Lenin, Restaurante Vente Vindo, Café Bar O Rincón de Pepe, Parrillada Os Rufos e Cervexería O Vikingo, veñen de clausurar con gran éxito, a III Ruta de Tapas, na que os amantes da boa mesa, tiveron a oportunidade de degustar os mellores manxares de Boqueixón.

Os bares e restaurantes elaboraron tapas exquisitas e moi variadas, sempre con produtos da terra, a un prezo de 1,5 €. Como novidade nesta edición, os establecementos participantes quixeron solidarizarse coas persoas que están a atravesar duros momentos derivados da crise, doando 0,10 céntimos de cada tapa vendida á cociña económica.

Un xurado popular, composto por todos os participantes que cubriron a súa tarxeta con todos os selos dos establecementos e ademáis votaron á mellor tapa de Boqueixón foi o encargado de elixir a tapa gañadora. Este recoñecemento foi para “Virutilla de

ibérico sobre cama panadeira con cesto de filloa recheo de castaña e sorbete de limón” de Cervexería O Vikingo (Lestedo).

Os establecementos participantes, agasallaron aos clientes co sorteo dun lote de produtos típicos de nadal, cunha tablet, cun televisor e cunha visita a unha bodega de viño. Ademáis, entre todas as tarxetas recollidas nas urnas sorteouse unha estanza con cea para dúas persoas nunha casa rural.



O Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón convértese nun referente na comarca

Tras o grande éxito da primeira edición, o II Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón, reuniu na carballeira de Rodiño (Sergude) no mes de agosto, un total de 102 equinos participantes de gandarías de toda Galicia, posicionándose como o 3º concurso cabalar con maior número de participantes de Galicia, por detrás de Lugo con 112 equinos e A Cañiza con 106, sendo ambos concursos con categoría internacional.

Este ano contouse coa presenza do actual “Campeón Joven de Europa 2014” e recentemente proclamado “Campeón de España en potros de 3 años” e “Subcampeón joven absoluto de España”

Un xurado profesional acreditado valorou aos equinos participantes nas distintas probas de tiro (500kg.) e tiro lixeiro (250kg.) así como no concurso morfolóxico.

Como novidade nesta edición, os máis cativos tamén tiveron o seu espazo, xa que durante toda a xornada puideron gozar, de forma gratuíta, de paseos en poni, actividade que se desenvolveu grazas ao Pony Club.

Esta segunda edición do Concurso Morfolóxico Cabalar de Boqueixón foi posible grazas á colaboración de distintos organismos, establecementos, empresas da zona e ao Concello de Boqueixón.



O Pico Sacro foi escenario desta exitosa iniciativa educativa

DRAGAL

Máis de 500 escolares de Boqueixón e de varios concellos de Galicia, participaron no mes de xuño, dunha iniciativa educativa apoiada pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Concello de Boqueixón, coa colaboración de diversos empresarios da comarca.

Esta actividade, baseada na obra literaria da triloxía “Dragal” da escritora Elena Gallego, consistiu nun xogo de rol, que permitiu aos cativos dos sete centros educativos participantes, caracterizarse como cabaleiros medievais e “loitar” por proclamarse vencedores.

Coa posta en valor desta triloxía, fomentouse a protección e difusión da lingua galega, ao tempo que se traballaba sobre textos galegos nos colexios, fomentando o hábito da lectura e a interpretación de libros.



Lestedo contou cun ilustre pregoeiro



O escritor nado en Vila de Cruces, e recentemente nomeado Fillo Adoptivo de Boqueixón, Xosé Neira Vilas, foi o pregoeiro da XXXI Festa da Filloa de Lestedo.

A celebración, declarada Festa de Interese Turístico, celebrouse no mes de marzo e contou coa actriz María Mera como presentadora, e con numerosas actuacións musicais ao longo de toda a xornada.

Unha novidade deste ano foi o deseño dos mandís que se confeccionan con motivo da festa, e que se entregan ás distintas personalidades convidadas. Aos debuxos destes mandís pintados a man pola deseñadora local Carmen Pichel, houbo que sumarlle como novidade a súa confección a base de prendas de reciclaxe que aportaron os veciños, o que os cataloga como pezas únicas.

A Fundación concedeu ata o día de hoxe máis de 60.000€ en bolsas Axudas para cursar estudos universitarios de Medicina e/ou Veterinaria da Fundación Pedro Pérez Pérez



Todos os anos dende o 2002 o Padroado da Fundación Pedro Pérez Pérez realiza unha convocatoria para que os veciños e veciñas de Boqueixón que inician ou cursan estudos universitarios de Veterinaria

ou Medicina se poidan beneficiar dunha axuda económica destinada a sufragar os gastos derivados da formación que están a recibir.

Poden ser beneficiarios destas axudas os estudantes pertencentes a calquera parroquia do Concello de Boqueixón que figuren empadroados a data de aprobación da convocatoria polo Padroado da Fundación.

A duración desta axuda é dun ano e pode ser obxecto de renovación a xuízo do Padroado.

Nos últimos 10 anos concedéronse un total de 28 bolsas.

Enmarcados dentro do programa de Prevención de drogodependencias e outras conductas adictivas

Alumnos/as do CPI participan en obradoiros de habilidades sociais e de prevención de drogodependencias

Os alumnos e alumnas de 2º da ESO do CPI Antonio Orza Couto participaron recentemente no obradoiro “Saber ... Drogas”, no que recibiron formación sobre os tipos de drogas e as consecuencias do seu abuso, mitos e crenzas, cambio de valores, publicidade, presión grupal, toma de decisións, tempo de lecer...

Así mesmo, o alumnado de 6º de Primaria asistiu ao obradoiro “Saber ... habilidades sociais”, no que se abordaron contidos relacionados cos estilos de comportamento, a comunicación interpersoal, resolución de conflitos, dicir non, adestramento en habilidades sociais: asertividade, empatía, escoita activa... Ademais, está previsto realizar un seguimento destas sesións para comprobar en que medida os alumnos/as poñen en práctica na súa vida diaria os coñecementos adquiridos.

Estes obradoiros estiveron organizados polo Servizo de Prevención de Drogodependencias e conductas adictivas de Boqueixón, Teo e Touro, coa colaboración da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.



Máis dun centenar de nenos e adultos participaron nos cursos de inglés na tempada 2013 – 2014



UNIVERSITY OF
CAMBRIDGE

Dentro da programación do departamento de Educación e Cultura do Concello de Boqueixón, ofértanse escolas culturais, entre as que destaca a Escola de Inglés. Os cursos ofertados diríxense a escolares dende os 3 ata os 16 anos e a mozos e adultos.

Non cabe dúbida de que o inglés está considerado actual-

mente o idioma máis importante a nivel mundial, e a día de hoxe é esencial capacitarse no nivel de inglés non só por cuestións laborais, senón tamén para comunicarse, para poder acceder a maior coñecemento e información e para estar actualizado.

Os cursos que habilitan para a obtención da certificación da Universidade de Cambridge están divididos por niveis de coñecemento. Así, o nivel A2 (KET), contempla un nivel de inglés básico para usar en situacións sinxelas. O seguinte, é o B1 (PET), de obrigatoria acreditación nas novas titulacións universitarias. Un nivel máis avanzado é o B2 (First), que está amplamente recoñecido entre institucións académicas e empresas de todo o mundo como accredi-

tación dun nivel intermedio – alto de coñecemento da lingua inglesa. Por último, temos o C1 (CAE) que é un título de alto nivel que acredita destrezas lingüísticas de nivel avanzado, sendo este un certificado con infinitas oportunidades.

Neste último curso obtiveron o certificado oficial de Cambridge un 80% dos alumnos/as que se presentaron á convocatoria de exames.

Cursos de informática

O Concello de Boqueixón levou a cabo durante os meses de xaneiro a xuño, un curso de informática nivel iniciación e outro de nivel avanzado, cun grande éxito de participación. Estes cursos impartíronse nos locais sociais de Sergude e Lestedo.

Despois do éxito obtido en edicións anteriores, Boqueixón organiza a III Xornada Micolóxica

O día 25 de outubro, o Concello de Boqueixón, celebrou a III Xornada Micolóxica. Expertos, afeccionados e curiosos reuníronse na Casa da Cultura de Camporrapado para aprender e gozar de todos os segredos que gardan os cogomelos.

A xornada incluíu saída guiada ao monte para a recollida de exemplares e charla explicativa. Todos os asistentes recibiron un manual de boas prácticas para a iniciación na micoloxía, que incluía distintas formas de preparación dos cogomelos e a normativa vixente nesta materia recentemente publicada.



BoqueiSons: unha aposta pola recuperación da cultura tradicional

A Área Recreativa de Sucira, a carón do Río Ulla, acolleu o domingo 28 de setembro a primeira edición da Romaría BoqueiSons. Esta cita pretende poñer en valor a nosa cultura tradicional e recuperar o noso folclore e tradicións.

Máis dunha ducia de agrupacións tradicionais, ataviadas con traxes e elementos de época, encheron de música e festa este evento (oito agrupacións do noso concello, xunto con outras de Vedra e Teo).

Ademáis contouse cun mercado de produtos de agricultura ecolóxica da zona e postos de artesanía co seu taller (instrumentos, cestería, vidro, madeira, traxes tradicionais,...). Todo isto cunha ambientación de época, con comidas campestres familiares ou de amigos vestidos para a ocasión, xogos tradicionais e animacións varias (campionato de esfolia, carreira de zocos...) que lle conferiron un toque distinto á festa.



Magosto

A Casa da Cultura de Camporrapado foi o lugar elixido para celebrar un magosto en familia, no que os espectáculos do paiaso Peter Punk e do mago Dani Polo, fixeron as delicias dos asistentes.

Aproveitouse esta xornada festiva para facer entrega aos gañadores do I Certame de Relatos "Xosé Neira Vilas" dun lote de libros da publicación realizada cos traballos premiados.

Ao final do acto realizouse unha degustación de castañas e biscoito para todos.

Tarxeta de transporte metropolitano



O Concello de Boqueixón está adherido ao Plan de Transporte Metropolitano da Xunta de Galicia, achegando anualmente un importe de preto de 12.000 euros. Este Plan ten como obxectivo fundamental mellorar a mobilidade e accesibilidade no contorno de todas as áreas metropolitanas e, polo tanto, que os cidadáns dispoñan dun mellor servizo de transporte público colectivo que sexa unha alternativa competitiva e eficiente ao transporte privado.

Para iso, existe unha tarxeta de transporte metropolitano que aporta grandes vantaxes ás persoas usuarias. Esta tarxeta obtense nas oficinas de ABanca e será aceptada por todas as empresas de transporte público, permitindo o establecemento de bonificacións por recorrencia ao mesmo tempo que a bonificación do transbordo. O resultado é unha mellora das condicións económicas nas que viaxa a cidadanía.

O custo dende Boqueixón coa tarxeta é de 0,82 céntimos por cada viaxe, fronte ao custo sen tarxeta que sería de 1,50 €. O desconto por recorrencia (máis de 40 viaxes ao mes) suporía o desconto adicional dun 15% a aplicar na seguinte recarga da tarxeta, é dicir cada viaxe custaría 0,71 €.

ESCOLA INFANTIL DE BOQUERON



IZAN GONZALEZ C.



MIA RIAL L.



JAIRO TORRES M.



ANGELA MUNIN F.



CANDELA PEREIRAS V.



JULIA LOPEZ B.



LORENA PALLARES V.



MARCO IGLESIAS A.



LUCIA MUNIN S.



LARA IGLESIAS P.



LAURA ESTÉVEZ L.



JIMENA DE LA TORRE M.



ADRIAN MARTINEZ R.



ANTIA MIGUELEZ S.



DIANA PEÓN V.



OSCAR PÉREZ V.



LUIS MAREQUE M.



DANIELA IGLESIAS C.



DANIELLE DOMINGUEZ G.



SARA OTERO F.



XOEL GRANJA S.



HUGO RENDO R.



ANA LINEIRAS C.



XOEL JUBÓN M.



LIA LORTES C.



ADRIAN MONTERO A.



2013

CELEBRACIÓN MUNICIPAL DE VEIXÓN



Rocio

Arlette

Bego

2014



ALBERTO SANCHEZ S.



LEO GAMALLO L.



ALEXANDRE FREIRE G.



XIOMARA FERNÁNDEZ P.



SILVIA SÁNCHEZ R.



DAVID VAAMONDE S.



LOIS CERNADAS S.



SARA CARRILLO M.



NICOLÁS FERNÁNDEZ P.



PAULA FERNÁNDEZ M.



VALERIA UZAL M.



ANTIA VALLE L.



BRAIS TORRES A.



ROCIO RAVIÑA C.



IRENE LAREO S.



UNAI FUENTENE BRO GZ.



LUCÍA POL M.



XOÁN GARCÍA R.



ADRIANA MIDÓN F.



ÁLVARO IGLESIAS B.



LOIS PALLARES V.



XIANA DE LA FUENTE M.



PAULO FILGUEIRA F.



ENMA TORRES S.



UXÍA GLADAS M.



XOEL IGLESIAS B.

O DVD incorpórase a sección de préstamos da biblioteca de Boqueixón

Co fin de adaptarse aos tempos que corren e abrirse ao mundo das novas tecnoloxías, a biblioteca municipal, ven de levar a cabo unha serie de modificacións no seu funcionamento, como pode ser a inclusión do DVD nos fondos bibliográficos e a publicación de forma trimestral na web do concello (www.boqueixon.com) dun boletín de novidades onde se recollen as novas adquisicións en canto a lecturas e a DVD'S.

Ademáis co fin de axudar aos escolares do CPI Antonio Orza Couto, a biblioteca municipal dispón de exemplares dos libros de lectura

obrigatoria dos distintos cursos, tanto en galego como en castelán.

Na actualidade, a biblioteca conta con 154 socios con carné, e con estas iniciativas espérase poder aumentar o número de asociados.

Animación á lectura

Dentro do programa de animación á lectura "Ler conta moito" subvencionado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e organizado dende a biblioteca municipal de Boqueixón, os máis cativos puideron gozar de dúas actividades de animación nas que aprende-

ron a valorar a lectura dunha forma lúdica e divertida.

No mes de maio gozaron da actuación de Carlos Coira co seu espectáculo "Abrapalabra. Maxia e poesía" e no mes de xullo de Cucarandainas co seu espectáculo "Contos de peto".



I Certame de Relatos "Xosé Neira Vilas"



No acto de entrega dos premios aos mellores relatos contouse coa presenza do ilustre escritor e Fillo Adoptivo de Boqueixón, Xosé Neira Vilas.

O Departamento de Educación e Cultura e a biblioteca municipal de Boqueixón organizaron o I Certame de Relatos "Xosé Neira Vilas", co obxectivo de potenciar a lectura e a creatividade literaria e fomentar valores como a liberdade, o respecto e a tolerancia.

Nel participaron 46 rapaces e rapazas de Primaria (dende 3º) e de Secundaria escolarizados en Boqueixón.

Para esta edición o tema seleccionado foi "OS AVÓS", en homenaxe ao papel tan destacado que eles teñen na educación e desenvolvemento persoal dos nenos e nenas.

II concurso de fotografía "Paisaxes de Boqueixón"

O Concello de Boqueixón convocou o segundo concurso de fotografía "Paisaxes de Boqueixón", coa finalidade de fomentar a creatividade e dar a coñecer ao público en xeral a diversidade e riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do concello.

O primeiro premio recaeu en Victoriano García García veciño de Donas coa foto "Sendeiro a carón do río Ulla (Donas)" e o segundo en Javier Otero Rey de Rodiño Grande (Sergude) coa instantánea "EQUIN – OCIO" retratada en Gastrar.



Ten unha vixencia de dous anos prorrogables

Boqueixón e Vedra asinan un convenio de colaboración en materia de xuventude e voluntariado

O concello de Boqueixón ven de asinar no mes de marzo un convenio de colaboración co concello de Vedra para a promoción de actividades de xuventude e voluntariado. Os proxectos que suman a varios concellos son unha das liñas de actuación prioritarias da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado que dirixe o boqueixonés Ovidio Rodeiro

A través da firma deste documento, preténdese propiciar unha maior incidencia social en materia de xuventude e voluntariado para acadar unha verdadeira participación da xuventude nos diferentes ámbitos da sociedade actual. É fundamental promover actuacións e canles dirixidas a garantir o acceso a unha información ampla e actualizada dirixida á xuventude e facilitar o acceso da mocidade á utilización das novas tecnoloxías.



ACTIVIDADES FORMATIVAS XUVENTUDE



O convenio regula a colaboración entre o concello de Boqueixón e Vedra, no desenvolvemento de actividades, programas, servizos e proxectos en materia de Xuventude e Voluntariado nos termos municipais destes concellos.

A tal efecto, para este ano 2014, elaborouse unha programación conxunta de actividades destinadas todas elas á mocidade de idades comprendidas entre 12 e 35 anos, das cales é conveniente destacar actividades formativas tales como curso de maquillaxe de animación, curso de fotografía, curso de photoshop, curso de monitor de tempo libre, curso de linguaxe de signos e curso de iniciación ao

coaching, tendo todas elas gran aceptación entre o público destinatario.

Entre as actividades de ocio e tempo libre, que fomentan un estilo de vida saudable, destacan pola gran afluencia de asistentes, as actividades de descenso do Ulla en kayak e rafting, desenvolvidas igualmente de forma conxunta polos concellos.

Voluntariado xuvenil e voluntariado europeo

O concello de Boqueixón e o concello de Vedra desenvolveron nos meses de verán o único proxecto de voluntariado xuvenil presentado en conxunto por dúas entidades locais, baixo o nome Val do Ulla.

O seu principal obxectivo foi a conciliación da vida laboral e familiar durante as vacacións estivais dos máis cativos.

Nel participaron 16 mozos e mozas, que ao finalizar recibiron unha certificación oficial da experiencia adquirida mediante este proceso de educación non formal.

Con respecto ao voluntariado europeo, cabe destacar, que o concello de Boqueixón leva máis de dez anos acollendo voluntarios/as europeos, que colaboran activamente na organización e desenvolvemento das actividades que se levan a cabo nas áreas de cultura e xuventude.

Este programa europeo, cunha duración mínima de dous meses e máxima de doce meses, permite que mozos e mozas de Boqueixón poidan tamén participar nun proxecto nun país da Unión Europea. Están financiados polo programa ERASMUS + e teñen cubertos todos os gastos.



Campo de traballo “Dragal”

Do 1 ao 15 de agosto desenvolveuse en Boqueixón o campo de traballo “Dragal”, composto por 23 mozos españois e estranxeiros. Esta iniciativa estivo organizada pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar e contou coa colaboración activa do concello de Boqueixón.



Este campo de traballo tivo como obxectivo a dinamización e a divulgación da área do Pico Sacro e apostou pola creatividade dos mozos e mozas participantes, a través da pintura, a escultura, a videocreación, o deseño gráfico, a ilustración e a banda deseñada.

Todas estas actividades tiveron como punto de partida e fío condutor a obra da escritora Elena Gallego titulada “Dragal: a herdanza do dragón”, unha obra repleta de lendas e tradicións que os mozos foron relacionando co Pico Sacro.

O alcalde de Boqueixón participa nunha visita de estudo a Italia

No mes de outubro, o alcalde de Boqueixón, viaxou a Italia para participar nunha visita de estudos centrada en materia de xuventude.

Neste encontro, no que participaron representantes municipais, monitores de entidades sen ánimo de lucro e técnicos do campo xuvenil, expuxéronse as políticas xuvenís que se están a levar a cabo nos distintos municipios participantes no encontro.

Viaxe a Holloko

Invitado polo alcalde de Holloko, Jesús Sanjuás, alcalde de Boqueixón, viaxou a Holloko, cidade coa que Boqueixón está irmandada dende o ano 2009. Durante esta viaxe aproveitou para reunirse cos técnicos de cultura deste municipio Húngaro e traballar con eles o fomento do turismo, xa que o núcleo de Holloko foi declarado Patrimonio da Humanidade en 1972.



Boqueixón co deporte activo

As actividades deportivas no ano 2014 supoñen unha liña de continuidade nas programacións desenvolvidas por esta entidade nos derradeiros anos; é dicir, apoiar o feito deportivo local entendendo éste como o conxunto de actividades e iniciativas que mediante a participación cidadá, teñan por finalidade a mellora da condición física e psíquica e das relacións sociais.

Este Concello ten como referente o **PLAN GALICIA SAUDABLE** asumindo os plantexamentos que derivan do mesmo e tendo en conta que a nosa planificación deportiva municipal, enfócase nos principios da promoción da actividade física e da práctica deportiva saudable.

Esta filosofía do Plan concrétase na programación da loita contra o sedentarismo a través da práctica de actividade física saudable. Boa mostra disto son as actividades das **Escolas Deportivas Municipais** ou as actividades desenvolvidas no **Ximnasio Municipal**, acadando gran éxito actividades como **Zumba ou Pilates**. Así mesmo, os maiores tamén se manteñen en forma cunha programación específica para eles nos centros socioculturais e no ximnasio con clases de **Ximnasia de Mantemento**.

Dende o Concello de Boqueixón non se esquece o marco do Deporte Federado e de competición, firmando convenios de apoio e axuda ao asociacionismo deportivo e aos equipos federados nas diferentes disciplinas deportivas. Neste eido, podemos reseñar o convenio coa **Escola de Fútbol Base de Boqueixón** que asume a promoción deste deporte entre os nenos e nenas.

Noutro dos grandes epígrafes da planificación deportiva municipal, as actividades de carácter puntual reforzan a súa presenza cumprindo un papel dinamizador e publicitario das actividades polo seu gran impacto social como pode ser o **Torneo Interparroquial de Futsala** ou ben polo seu apoio na conciliación da vida laboral e familiar a través do **Campos Deportivo** no verán.

Outra das liñas de actuación que se está a favorecer é o reforzo da atención ao público cunha posta en marcha de publicidade máis centrada no ámbito da programación deportiva, incidindo nos recursos publicitarios propios como maneira de achegar información de actividades, horarios de instalacións ou asesoramento aos clubs das axudas e subvencións que poden acadar, sendo a páxina web do concello, www.boqueixon.com, o referente informativo do día a día do deporte municipal.

O deporte na época estival, unha aposta pola conciliación familiar

As actividades de promoción deportiva e de fomento da actividade física para os máis cativos, como son os cursos de natación e a actividade de patinaxe, mostran gran aceptación entre o público destinatario.

Nesta segunda edición da actividade de patinaxe, que se desenvolveu durante o curso escolar, participaron unha media de 15 alumnos/as que demostraron as súas destrezas na exhibición que fixeron no mes de xuño no pavillón de Lestedo.

Outro ano máis, os cursos de natación, tiveron unha gran acollida entre o público infantil, chegando ata o punto de non poder dar resposta a gran demanda de solicitudes de participación na actividade, xa que se cubriron todas as prazas e se abriu unha lista de espera.

Estas dúas actividades, foron durante o verán, unha aposta pola conciliación familiar, xa que habendo unha hora de diferenza entre unha actividade e outra, púxose a disposición dos cativos un monitor que desenvolveu con eles actividades de animación mentres que non daba comezo a outra actividade, facilitándolle así a labor aos pais.



Recepción ao deportista máis laureado de Boqueixón

O alcalde de Boqueixón ven de recibir a Pablo Fernández López, que sen dúbida algunha, é o deportista boqueixonés con máis campionatos acadados. Este rapaz de Sergude, é practicante de diferentes deportes de contacto, cos cales acadou proclamarse campión galego de full contact e kick boxing no 2014 e campión de España de MMA (Mixed Martial Arts). Tamén foi campión do prestixioso torneo Arnold Fighters disputado en Madrid.

Pablo Fernández presentoulle ao alcalde os seus novos retos deportivos os cales van encamiñados a

próximas competicións europeas e combates a nivel nacional na categoría profesional, ámbito onde espera seguir desenvolvendo un papel igual de exitoso.

Pola súa banda, o alcalde mostroulle o seu apoio e a confianza neses vindeiros proxectos deportivos para que sexan culminados de forma satisfactoria e Pablo poida manter o nome de Boqueixón no máis alto.



Belén do Campo, delegada territorial da Xunta na provincia e Susana López Abella, secretaria xeral de Igualdade visitan o CIM de Boqueixón

O Centro de Información á Muller de Boqueixón presta servizo tamén ao concello de Touro

No mes de novembro, a delegada territorial da Xunta na provincia, Belén do Campo, e a secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella, visitaron o CIM de Boqueixón. Estiveron acompañadas polos alcaldes de Boqueixón, Jesús Sanjuás e polo de Touro, Ignacio Codesido.



O Centro de Información á Muller ten por obxectivo a prestación dun servizo de información ás mulleres e promoción da igualdade, que lles proporcione asesoramento xurídico e psicolóxico; información sobre recursos específicos para mulleres, así como o desenvolvemento de calquer outra actividade que teña como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

O CIM de Boqueixón conta con dúas traballadoras – unha directora/avogada e unha psicóloga - que o ano apasado atenderon a 278 persoas e 572 consultas. Ademais, o Concello de Boqueixón está adherido á Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero, unha rede encargada de promover e apoiar proxectos de prevención da violencia de xénero e detección precoz de situacións de risco, movilizandoo e implicando a toda a sociedade fronte ao maltrato e xeneralizando a tolerancia cero contra as persoas agresoras.

O CIM aposta entre os máis cativos pola educación en valores e a prevención para loitar contra a violencia de xénero e traballar en prol da igualdade

O Centro de Información á Muller de Boqueixón desenvolveu ao longo do ano 2014 actividades destinadas a traballar a temática da igualdade e da non violencia coa poboación infantil e adolescente.

A educación en valores é unha

ferramenta moi potente e pola que se aposta á hora de traballar con nenos e nenas. Os talleres de cómic, o teatro e as sesións de contos foron novamente un medio para tratar a desigualdade, os estereotipos de xénero, a situación das mulleres e a falta de oportunidades.

Coa poboación adolescente, e con motivo do día Internacional Contra a Violencia de Xénero, púxose en marcha un Obradoiro para a prevención da violencia de xénero en adolescentes. Este obradoiro foi impartido no CPI Antonio Orza Couto do Forte aos alumnos e alumnas de 4ºESO, durante cinco sesións nas que se traballaron diversos aspectos, dende as características da violencia en parellas adolescentes ata as características dunha relación sana e positiva. As cinco sesións transcorreron durante os meses de outubro e novembro, e participaron nelas 21 alumnos e alumnas.



Cuarta edición do Programa de Prevención da Dependencia

Durante o primeiro semestre deste ano, desenvolveuse no local sociocultural de Sergude, o Programa de Prevención da Dependencia, que se ven levando a cabo dende o ano 2010.

Nestes seis meses realizáronse numerosas actividades que contribuíron a que os maiores en situación de dependencia, deterioro físico e cognitivo e illamento social melloraran o seu estado de saúde tanto a nivel físico e psíquico como emocional.

aposta por este programa pioneiro e moi necesario para maiores en situación dun grao de dependencia.

Envellecemento activo

Dentro do programa de actividades Envellecemento Activo, subvencionado pola Deputación da Coruña, estase a desenvolver dende o mes de xaneiro a actividade de bailoterapia no local social de Sergude e no ximnasio do Forte. Esta actividade ten moita aceptación entre o público asistente, chegando a acadar un total de 45 participantes.

Por outra parte, e dentro deste mesmo programa, o departamento de Servizos Sociais en coordinación co monitor deportivo do concello, organizaron no mes de xuño, unha andaina por Riazor. O percorrido foi de aproximadamente 10 km. Partiron da Torre de Hércules ata o final do paseo de Riazor e Obelisco. Ao remate desta andaina houbo unha comida de confraternidade para fomentar a interrelación entre os participantes.

O programa Envellecemento Activo é de carácter gratuíto para todos os participantes.



Esta actividade está organizada dende o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boqueixón, e contou para a súa execución cunha terapeuta ocupacional e coa educadora familiar do concello. Este programa estivo cofinanciado pola Deputación da Coruña e pola aportación de 25€/trimestre dos participantes.

Entre as actividades desenvoltas destacan os exercicios de estimulación cognitiva, atención, concentración e memoria, ximnasia de mantemento, exercicios de relaxación – respiración, xogos de psicomotricidade, actividade escénica e de introdución ao teatro, entre outras. Tamén se levaron a cabo xuntanzas para a celebración de datas sinaladas como o Entroido, cumpreanos ou as vacacións estivais.

A previsión é dar comezo de novo a esta actividade no segundo trimestre do 2015, xa que o concello



Boqueixón dispón xa da súa aplicación City4 a prol da comunicación entre concello e veciños

City4boqueixon permite á poboación notificarlle incidencias ao concello e recibir avisos da mesma a través do dispositivo móbil



O concello de Boqueixón acolleu no mes de xullo a presentación da aplicación City4boqueixon. Trátase dunha innovadora ferramenta que nace para potenciar a interacción entre os veciños e o concello, ao facilitarlle á poboación unha nova canle

de comunicación coa administración local. Todas as persoas que dispoñen dun dispositivo Android poden descargar de balde a aplicación de Google Play e notificar directamente ao concello calquera incidencia, colaborando así nunha máis áxil solución.

Ademais de recibir as notificacións por parte dos veciños, City4boqueixón permítilles aos responsables locais facer un seguimento constante da xestión das incidencias detectadas nos servizos e espazos municipais, como auga, rede de sumidoiros, mobiliario urbano ou es-

pazos verdes, entre outros. Unha vez descargada a aplicación, o usuario unicamente ten que indicar o tipo de incidencia e a súa localización. A información seralle derivada ás persoas responsables de resolver o problema e o usuario recibirá unha mensaxe confirmándolle tanto a recepción da incidencia como a súa solución, unha vez executada.

Por outra banda, a través de City4boqueixón, a poboación poderá recibir nos seus dispositivos avisos urxentes do concello nos que a inmediatez é crucial, como casos de persoas perdidas, temporais, desprendementos en estradas, cortes de auga ou outros.

Outra opción que terán os veciños de Boqueixón é o envío de suxerencias ao goberno local.

O Concello de Boqueixón entrega a súa medalla de ouro a Orlando Vázquez

O empresario de Lestedo, creador da máquina filloeira, recibiu a medalla de ouro do Concello de Boqueixón

O alcalde de Boqueixón, fixo entrega no mes de agosto, da medalla de ouro ao mérito empresarial a Orlando Vázquez, creador da máquina filloeira e da torta de Lestedo.

A distinción foi concedida ao empresario nado en Lestedo pola súa contribución a que os nomes de Lestedo e Boqueixón sexan coñecidos fóra das nosas fronteiras, vinculando o nome aos produtos de calidade do seu obradoiro para a elaboración das súas tortas e posta en valor dun dos postres galegos máis tradicionais, a filloa.



Xosé Neira Vilas, Fillo Adoptivo do Concello de Boqueixón

No mes de xaneiro, rendiuse unha fermosa homenaxe a o ilustre escritor Xosé Neira Vilas, ao nomealo Fillo Adoptivo do municipio.

O escritor, de Vila de Cruces, estivo arroupado por preto dun cento de veciños e amigos os cales non quixeron deixar de acompañalo neste emotivo acto.

A recepción estivo amenizada polo grupo de cantareiras Loaira e pola Requinta de Xián que fixeron as delicias dos asistentes.

A homenaxe rematou coa entrega dun diploma, a sinatura no libro de Honra do Concello de Boqueixón e cunha calurosa ovación de todo o público.



O concello de Boqueixón adquire un rider para o mantemento das zonas verdes



O concello conta dende fai uns meses cun rider, que servirá para completar e mellorar a conservación das zonas verdes, manténdolas limpas e desbrozadas, tarefa esencial para a prevención de incendios.

Cun custo aproximado de 9.852€, dito investimento está subvencionado polo Fondo de Compensación Ambiental da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

O tanatorio municipal xa é unha realidade

Boqueixón conta dende o mes de xullo co primeiro tanatorio do municipio, que está situado nos baixos da Casa da Cultura de Camporrapado, na parroquia de Oural.

A empresa adxudicataria, Funeraria Casablanca, fíxose cargo da habilitación do tanatorio. A concesión do servizo funerario estenderase por vinte anos e a firma debe aportar un canon anual pola explotación que suma 3.000€ por ano.

As instalacións están formadas por dúas salas para velorios e unha sala habilitada de tanatopraxia.




O CPI plurilingüe Antonio Orza Couto, na senda das novas tecnoloxías

Coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe, no CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto inclúese no proxecto educativo de centro, un plan de integración das novas tecnoloxías que implica un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para mellor aproveitamento das posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen.

O centro dispón de proxectores e pantallas en todas as aulas, ordenadores con acceso a internet na biblioteca e dúas au-

las de informática perfectamente equipadas.



O plan inclúe o proxecto ABALAR, que garante a dispoñibilidade de ultraportátiles para o alumnado de 5º, 6º de Primaria e 1º

e 2º de Secundaria e de aulas dixitais con portátil para o profesor, o encerado dixital interactivo e o proxector. O proxecto E-DIXITAL, que arranca este curso para os alumnos de 5º de Primaria e ampliarase a outros cursos e etapas nos anos seguintes, facilita a dispoñibilidade de libros e outros materiais dixitais, sen necesidade de utilizar o libro de texto tradicional. Dentro do plan contéplase, ademais, introducir a aplicación ABALAR-MÓBIL que permitirá ás familias consultar a información de calquera dos seus fillos a través do teléfono móbil.

C.R.A. Boqueixón – Vedra



Un ano máis, achegámonos a esta revista para contarvos máis polo miúdo todo o que estamos a facer no CRA Boqueixón-Vedra. Coma sempre unha chea de proxectos que con moita ilusión empezamos e agardamos levar a bo porto durante o ano escolar.

Seguimos neste curso cos nosos **proxectos de biblioteca, normalización lingüística e medioambiente**, que este ano xirará en torno ás hortas ecolóxicas. Tamén levaremos a cabo, alá polo mes de maio, o **proxecto intercultural** co que achegamos aos nosos alumnos/as a outras culturas e para o que contamos

coa axuda dos voluntarios europeos que colaboran no Concello e máis no Centro Don Bosco de Santiago.

Tamén avanzamos no noso proxecto TICS, máis coñecido por todos por **Rede de Escolas na Nube**, traballando cos outros CRAs de Galicia que participan nel. Pero este ano empezamos unha nova andaina por Europa, xa que somos un dos centros participantes no **"RURAL SCHOOL CLOUD"**, un proxecto Comenius europeo coordinado polo CESGA e no que traballaremos man a man con outros centros rurais de Europa. Un gran avance para toda a comunidade educativa xa que compartiremos proxectos e traballos con estes centros.

E como non, temos proxectos novos!! Un deles é un **proxecto emocional**, co que a través dunha mensaxería tipo whatsapp e empregando as tablets coas que contamos nos centros, trataremos que comunicar as nosa emocións

a través das letras, emoticonos e gravacións de voz. Outro é o **proxecto sobre plantas aromáticas e medicinais**, co que tentaremos a través de diferentes actividades de recuperar as tradicións médicas e culinarias dos nosos avós. Xa estamos elaborando aceite de romeu e aprendendo as cualidades da celidonia!!

É seguro, que máis proxectos e ideas xurdirán ao longo do curso, e delas darémosvos conta no artigo do ano que vén.



A escola infantil de Boqueixón estrea nome

A escola infantil municipal de Boqueixón, deu a coñecer o seu novo nome no festival de fin de curso que se celebrou no mes de xuño na Casa da Cultura de Camporrapado.

Tras dez anos de funcionamento, a dirección do centro, realizou unha votación entre todos os pais/nais dos antigos e actuais alumnos/as da escola infantil, a través da páxina web do concello ou nunha urna situada na propia escola, resultando gañador o nome de Escola Infantil Municipal "Raíña Lupa", apelativo moi arraigado a lenda do Pico Sacro.

Actividades do máis variado

Dentro do proxecto educativo do centro, inclúese tamén a cele-

bración das distintas festas sinaladas no calendario.



que nos ingredientes de elaboración empregasen cabaza ou castañas.

A concienciación coa reciclaxe dende as idades máis temperás, supón tamén, un pilar fundamental no día a día da escola infantil. Coa finalidade de concienciar a nenos e maiores da importancia da reciclaxe, a primeiros de novembro celebraron a semana da reciclaxe, poñendo un colector de cada cor, segundo o material de refugallo a depositar, na entrada da escola infantil, onde poder depositar os distintos desfeitos.

A prol disto, no derradeiro día do mes de outubro, na Escola Infantil Raíña Lupa, celebrouse o magosto – samaín, cunha lucida exposición de cabazas e cunha festa con postres elaborados polos pais, cuxa única condición era

Por segundo ano, e en colaboración coa Asociación de Mulleres Rurais de Lestedo, levouse a cabo unha recollida de alimentos para as persoas máis necesitadas. Estes alimentos foron doados á Cociña Económica.



TELÉFONOS DE INTERESE

Concello

- Centraliña: 981 513 061
981 513 052
- Fax: 981 513 000
- Xulgado: 981 513 061
- Departamento de Cultura e Educación: 981 513 115
- Departamento de Servizos Sociais: 981 513 106
- Departamento de Deportes/Ximnasio: 636 731 721
- Departamento de Urbanismo/Vías e Obras: 616 440 473
- Recollida de Lixo: 616 440 468
- Punto Limpo: 616 440 465
- Auga e Saneamento: 981 513 457
(auga) 618 812 799
(saneamento) 610 707 052

Centros asistenciais

- Centro Saúde do Forte: 981 513 010
- Centro Saúde de Lestedo: 981 502 297
- Residencia Santa Olalla (Codeso): 981 512 151

Emerxencias

- Garda Civil de Lestedo: 981 503 051
- Emerxencias (teléfono gratuíto): 112
- Urxencias médicas: 061
- Protección Civil Boqueixón: . 616 440 465

Centros educativos

- CPI Antonio Orza Couto:
(primaria) 981 513 021
(secundaria) 981 513 455
- CPI de Vedra: 981 503 034
- CRA: 616 440 471
- Escola Unitaria de Lestedo: .. 616 440 474
- Escola Unitaria de Camporrapado: 649 737 678
- Escola Unitaria de Sergude: . 616 440 472
- Escola Infantil "Raíña Lupa": 981 502 190

Outros

- Correos: 981 513 248
- Permisos de queima: 902 112 000
- Taxista Lamas: 981 513 064
(María Fernández Millán) 696 027 068
- Taxista Ledesma:
(Jesús Ramos Fernández) 686 483 899
- Taxista Lestedo: 670 307 811
(José Manuel Silva Fernández) 981 502 019
- Farmacia de Lestedo: 981 502 252
- Farmacia do Forte: 981 513 087
- Farmacia de Camporrapado: 981 514 425